

Marina Núñez Orjales, Secretaria do Concello de Carballo - A Coruña

CERTIFICO:

Que o Pleno da Corporación Municipal, en sesión Ordinaria celebrada en data luns 27 de outubro de 2025 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

"7.- CADRO DE PERSOAL DO CONCELLO DE CARBALLO. MODIFICACIÓN N.º 1. APROBACIÓN INICIAL

O Presidente dou conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas de 21/10/2025, punto 6 da orde do día, relativo á proposta de 15/10/2025, contida no expediente 2024/E004/000002.

No expediente figura o informe xurídico favorable da técnica medio de xestión adscrita ao Departamento de Persoal, de data 14/10/2025.

A proposta contida no expediente, que asina a concelleira delegada da Área de Facenda, Patrimonio Persoal e Réxime Interior, refire os seguintes fundamentos xurídicos e conclusións:

"Primeira.- Competencia para a aprobación.

De conformidade có artigo 22 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local corresponde, corresponde, en todo caso, ao Pleno municipal a aprobación da "plantilla" ou cadro de persoal e a relación de postos de traballo, entre outras atribucións.

Segunda.- Principios e procedemento de elaboración.

De conformidade có artigo 90.1 da citada Lei 7/1985, do 2 de abril, corresponde a cada Corporación local aprobar anualmente o cadro de persoal, que deberá comprender todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual. Os cadros de persoal deberán responder aos principios de racionalidade, economía e eficiencia e establecerse de acordo coa ordenación xeral da economía, sen que os gastos de persoal poidan superar os límites que se fixen con carácter xeral.

En desenvolvemento deste precepto o artigo 126.1 do RD Lexislativo 781/198, do 18 de abril, polo que se aproba o TRRL, establece que as "plantillas", que deberán comprender todos os postos de traballo debidamente clasificados reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual, se aprobarán anualmente con ocasión da aprobación do Presuposto e haberán de responder aos principios enunciados no artigo 90.1 de la Lei 7/1985, de 2 de abril. A elas uniranse os antecedentes, estudos e documentos acreditativos de que se axustan aos mencionados principios.

Así mesmo o parágrafo segundo do dito artigo 126.2 establece o seguinte:

"Artigo 126.2. As plantillas (v. cadro de persoal) poderán ser ampliadas nos seguintes supostos :

- a) Cando o incremento do gasto quede compensado mediante a redución doutras unidades ou capítulos de gastos correntes non ampliáveis.*
- b) Sempre que o incremento das dotacións sexa consecuencia do establecemento ou ampliación de servizos de carácter obrigatorio que resulten impostos por disposicións legais.*

O establecido neste apartado será sen prexuízo das limitacións específicas contidas en leis especiais ou conxunturais".

A modificación do cadro de persoal, durante a vixencia do Orzamento, de conformidade co citado artigo 126.3 requerirá o cumprimento dos trámites establecidos para a modificación daquel".

Terceira.- Materias obxecto de negociación.

De acordo co artigo 37 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o TR da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP) serán obxecto de negociación, no seu ámbito respectivo e en relación coas competencias de cada Administración Pública e có alcance que legalmente proceda en cada caso,

entre outras materias, os instrumentos de planificación de recursos humanos, así como os criterios xerais sobre a planificación estratéxica dos recursos humanos, naqueles aspectos que afecten ás condicións de traballo dos empregados públicos.

Cuarta.- Modificación da estrutura organizativa municipal.

O goberno municipal, en uso potestade de autoorganización das Administracións locais e a facultade para establecer a estrutura organizativa, acorda a transformación da praza (vacante) de operario da brigada (Escala de Administración Especial, Subescala Servizos Especiais, Persoal de Oficios, CD nivel 12, Grupo AP) nunha praza vacante de Subalterno conserxe (Escala de Administración Xeral, Subescala Subalternos, CD nivel 12, Grupo AP).

O Tribunal Constitucional tivo ocasión de declarar en diversas ocasións (Sentenzas do TC do 18 de outubro de 1993, do 29 de marzo de 1990, ou do 23 de abril de 1986, entre outras) a ampla marxe de que gozan as Administracións Públicas á hora de consolidar, modificar ou completar as súas estruturas organizativas, así como para configurar ou concretar o status do persoal ao seu servizo. Iso é unha manifestación da potestade de autoorganización das Administracións locais recoñecida no artigo 4 da LRBRL, a cal está referida, fundamentalmente, á facultade para establecer as súas propias estruturas organizativas, de conformidade coa Constitución e cos límites que estableza o lexislador.

Quinta.- As relacións de postos de traballo e Cadros de persoal na normativa autonómica.

O artigo 38.3 da Lei 2/2015, do 29 de abril (LEPG), obriga a que os orzamentos reflictan os créditos correspondentes ás relacións de postos de traballo, e, por tanto, a que ditas modificacións sexan plasmadas no correspondente cadro de persoal, sen que poidan existir ningún posto que non estea dotado orzamentariamente.

A RPT, como instrumento de ordenación dos postos de traballo, ten un carácter flexible que, en aras dunha maior eficacia e racionalidade organizativa, debe adaptarse, en cada momento, ás necesidades da administración municipal.

Consecuentemente, é cada Administración a que pode e debe valorar as concretas necesidades da súa organización administrativa e definir as características dos postos de traballo que forman parte da súa estrutura administrativa en exercicio desa potestade de autoorganización, potestade que se materializa mediante a aprobación ou modificación das correspondentes relacións de postos de traballo.

Conclusións.

As modificacións incorporadas na modificación núm. 1 do cadro de persoal para 2025 respecto do acordo de aprobación inicial por acordo plenario do 19/12/2024, son as seguintes:

1.- Toma de razón das prazas vacantes no cadro de persoal laboral derivadas da finalización dos respectivos procesos de estabilización de emprego temporal en aplicación da Lei 20/2021 (OEP 2022 “extraordinaria” ou “adicional”) referidas no antecedente segundo.

2.- Toma de razón das prazas vacante no cadro de persoal laboral derivadas da finalización dos respectivos procesos selectivos da OEP 2022 “ordinaria” referidas no antecedente terceiro.

3.- Toma de razón da toma de posesión das prazas de policía que figuraban vacantes no cadro de persoal funcionario referidas no antecedente cuarto, correspondentes á OEP 2024: Policía e Oficial de Policía (neste caso por promoción interna, o que orixina nova vacante nunha praza de policía).

Asemade, a finalización do proceso selectivo para cubrir, por promoción interna, unha praza de Inspector e a toma de posesión orixina nova vacante nunha praza de Oficial de Policía.

4.- Toma de razón da toma razón das situacións administrativas de excedencia relacionadas no antecedente cuarto respecto do persoal funcionario (que implican a situación de vacante da respectiva praza), así como o reingreso ao servizo activo dun funcionario nunha praza de policía. Asemade a declaración e excedencia por prestación de servizos no sector público de persoal laboral fixo.

5.- Toma de razón da vacante nunha praza de Ordenanza conserxe de instalacións deportivas pola declaración de xubilación de persoal laboral fixo do Concello de Carballo.

6.- Transformación dunha praza de Operario nunha de Subalterno, en exercicio da potestade de autoorganización municipal referida no antecedente sexto.

De seguido, ábrese a quenda de intervencións.

Rematadas as intervencións, a Alcaldía somete o asunto a votación.

O Pleno do concello, á vista dos antecedentes e normativa citada no ditame, con 21 votos a favor, unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación núm. 1 do cadro de persoal do Concello de Carballo para 2025, que se achega como Anexo a esta Resolución.

Segundo.- Ordenar a exposición pública do acordo adoptado polo prazo de quince (15) días hábiles, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña e no taboleiro de anuncios do Concello de Carballo a efectos de que as persoas interesadas poidan realizar as reclamacións que consideren oportunas. No suposto de non se tiveran presentado reclamacións, terá a consideración de definitivo sen necesidade de novo acordo plenario.

Cadro de persoal do Concello de Carballo para o ano 2025. Modificación núm. 1

I. PERSOAL FUNCIONARIO	Grupo	Nivel	N.º prazas	Vacantes
1.1. ESCALA HABILITACIÓN NACIONAL				
- Subescala de secretaria, Categoría superior	A1	30	1	-
- Subescala de intervención-Tesourería, categoría superior	A1	30	1	-
- Subescala de intervención-Tesourería, categoría superior	A1	30	1	-
- Subescala de intervención-Tesourería, categoría entrada	A1	28	1	-
1.2. ESCALA ADMÓN. XERAL				
- SUBESCALA TÉCNICA				
TAX, Secretaría	A1	26	1	-
TAX, Intervención	A1	26	1	-
TAX, Secretaría	A1	26	1	-
Técnico medio, Secretaria	A2	24	1	-
Técnico medio, urbanismo	A2	22	1	1
- SUBESCALA ADMINISTRATIVA				
Administrativo	C1	20	5	2
Administrativo	C1	16	15	3
- SUBESCALA AUXILIAR				
Auxiliares	C2	14	11	4
- SUBESCALA SUBALTERNOS				
Subalternos*	AP	12	7	1
1.3. ESCALA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL				
- SUBESCALA TÉCNICA				
TÉCNICOS SUPERIORES				
Arquitecto	A1	28	1	-
Arquitecto	A1	26	1	-
Técnico de xestión tributaria	A1	26	1	-
Técnico de urbanismo	A1	26	1	-
Enxeñeiro	A1	26	1	-
Técnico de deportes	A1	24	1	-

I. PERSOAL FUNCIONARIO	Grupo	Nivel	N.º prazas	Vacantes
Técnico de deportes: Coordinador de instalacións deportivas	A1	24	1	-
Axente de desenvolvemento local	A1	24	1	-
Técnico educador familiar	A1	24	1	-
Técnico normalización lingüística	A1	22	1	-
TÉCNICOS MEDIOS				
Arquitecto Técnico	A2	24	2	1
Traballador social	A2	24	1	-
Traballador social	A2	22	1	-
Traballador social	A2	20	5	1
Técnico servizos económicos	A2	26	1	-
Técnico informática - xefe servizo	A2	26	1	-
Técnico aperturas OTM	A2	22	1	-
Enxeñeiro técnico	A2	22	1	-
Arquiveiro	A2	22	1	1
Animador cultural - Xefe servizo	A2	22	1	-
Técnico Educador familiar	A2	20	1	1
Técnico orientación laboral	A2	20	2	-
Técnico información e turismo	A2	20	1	-
TÉCNICOS AUXILIARES				
Delíñante	B	18	1	-
Técnico patrimonio	C1	20	1	-
Axente de xestión e inspección de tributos	C1	16	3	-
Axente inspector de obras	C1	16	1	-
Axente de xestión tributaria e catastral	C1	16	1	1
Axente de recadación	C1	16	3	3
Técnico información turismo	C1	16	1	1
SUBESCALA SERVICIOS ESPECIAIS				
POLICÍA LOCAL				
Inspector principal	A2	24	1	1
Inspector*	A2	22	1	-
Oficiais	C1	18	5	2
Policías	C1	16	30	1
PERSOAL DE OFICIOS				
Encargado	C2	16	1	1
Oficial de obras	C2	14	14	2
Oficial tractorista	C2	14	3	-
Operarios	AP	12	1	-
COMETIDOS ESPECIAIS				

I. PERSOAL FUNCIONARIO	Grupo	Nivel	N.º prazas	Vacantes
Director centro de formación	A1	26	1	-
Encar. Prot. Civil, Medio Ambiente e Obras Rurais	C1	18	1	-
Oficial de Emerxencias	C1	14	3	-
Auxiliar de Biblioteca	C2	14	1	-
Monitor cultural	C2	14	5	-
PERSOAL FUNCIONARIO	TOTAL		154	27

Persoal laboral

II. PERSOAL LABORAL	Grupo	Nivel	N.º prazas	Vacantes
POLICÍA				
Auxiliares policía (6 meses_ Fijo discontinuo)	IV	14	1	1
PROTECCIÓN CIVIL				
Oficial protección civil	IV	14	3	-
Coordinador socorrista praias (3 meses_ Fijo discontinuo)	IV	16	4	4
Socorrista praias (3 meses_ Fijo discontinuo)	V	14	28	28
SERVIZOS SOCIAIS				
Auxiliares de axuda no fogar	IV	14	12	2
UCA				
Psicólogo/a UCA	I	24	1	-
Traballador social UCA	II	20	1	-
Graduado enfermería UCA	II	20	1	-
DEPORTES				
Coordinador actividades acuáticas	IV	18	1	-
Monitor-socorrista	IV	16	11	1
Ordenanza-conserxe instalacións deportivas	V	12	7	3
Oficial mantemento instalacións deportivas	IV	14	4	-
CULTURA				
Profesores conservatorio (Fijo a tempo parcial)*	II	22	16	5
Ordenanza-conserxe Cultura	V	12	2	-
ALCALDÍA - COMUNICACIÓN				
Técnico comunicación*	II	20	1	-
TESOURERÍA				
Axente de xestión tributaria e catastral	III	16	1	-
Axente de recadación	III	16	3	-
PERSOAL LABORAL	TOTAL		101	44

III. PERSOAL EVENTUAL	N.º prazas
Secretario Alcaldía	1
Técnico asesor medio ambiente	1

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



Exp. 2025/G010/000012

Responsable comunicación	1
Técnico asesor para a análise, informe, xestión e tramitación de axudas doutras Administracións	1
PERSOAL EVENTUAL	TOTAL
	4

E para que conste, aos efectos oportunos, expido este certificado coa reserva establecida no art. 206 do ROF, de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, no Concello de Carballo, asinado dixitalmente na data que figura a marxe.

V. e Pr.
O alcalde